

SUCEDEU EN SAMEDE

Un contiño do Entroido





—Sempre houbo mellor Entroido en Samede ca en ningún sitio —contáballes o bonito máis vello ao resto de danzantes mentres se colocaban para bailar a muiñeira cruzada.



—A min o Entroido non me lembra cousa boa —laiábase a muller provocando as risas das veciñas costa arriba cara á ermida.



—Antes, os mozos tiñamos que ir ás casas das mozas e pedir-lles permiso aos pais para poder bailar con elas.



—Un ano, xa andabamos de noivos, díxennlle que non podía ir ao Entroido, pero aparecín e atopeino bailando cunha que era fea coma o cu dunha pota sen fregar.



—Había tamén unha parella de carolos que viñan de branco e coa cara tapada porque non tiñan cartos para facer os traxes vistosos coma os dos bonitos. Pero bailaban toda a noite e desfrutaban tanto ou máis ca o resto.



—Deixeino que acabase de bailar e, cando me viu, agarreime a un vixigueiro e troublei con el todo o que quixen. Éra-che ben simpático. O que rin aquel Entroido só o sei eu!



—Os días do Entroido só se traballaba no campo pola mañá.
A tarde e a noite eran para divertirse.
Pero... onde anda esta muller? Mentres non chegue non
empezamos!



- Estaba tan ofendida que, se baixa o Policarpio do pau onde estaba pendurado e mo pide, tamén bailo con el. Pero que pasa que non escoito as gaitas?
- Están esperando por ti para comezar a bailar.
- Que dis! Xa vou! Este homiño... Nin que fose a raíña do Carnaval...

VIVA O ENTROIDO DE SAMEDE!



© do texto: Ramón D. Veiga @ramoninguez @podiachovermerda

© das ilustracións: Manu Fuchica @fuchicafuchica

Xaneiro, 2024